



## Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2014/15	
Asignatura (*)	Educación para a paz, resolución de conflitos e cidadanía	Código	652G03038	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	cathryn.teasley1@udc.es	
Profesorado	Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	cathryn.teasley1@udc.es	
Web	<a href="http://www.udc.es/dep/pdce/Cata/">http://www.udc.es/dep/pdce/Cata/</a>			
Descrición xeral	<p>O desenvolvemento das sociedades do mundo e da convivencia humana a través do tempo, ata o actual período histórico de modernidade tardía, serve de telón de fondo para situar a Educación para a Paz, a resolución de conflitos, e a condición cidadá no seu xusto marco de aproximación conceptual e de elaboración práctica e activa: un marco amplo, complexo e dinámico que transcende non só a cultura escolar e as distintas institucións educativas en xeral, senón tamén outros ámbitos formais e non-formais de acción e produción socio-cultural, como son a educación en familia, a cultura popular da comunidade local, os medios de comunicación de masas, e as diversas institucións do Estado. Este grande marco sitúase, a súa quenda, dentro dun contexto aínda máis amplo de política internacional e transnacional que se move ao ritmo dun sistema económico cada vez máis globalizado: o capitalismo neoliberal. Así mesmo, todo este panorama humano existe nun mundo con recursos naturais finitos. Neste escenario mundial tan interdependente e complexo, entón, a conflitividade xurde desde os desequilibrios de poder entre colectivos con intereses diverxentes. Mais non son os conflitos, per se, o que ameaza o benestar, pois os conflitos son un aspecto natural das relacións humanas. A violencia e o dano xurden das formas en que ditos conflitos son abordados. Se son intervenidos de xeito pacífico poden incluso resultar creativos e produtivos á hora de procurar unha harmonía cosmopolita entre persoas e colectivos multiculturais, movementos migratorios, loitas polos dereitos humanos, e vivenzas desde a diversidade de crenzas relixiosas, identidades de xénero, falas e prácticas étnicas deste mundo.</p> <p>Educación para a paz neste marco "glocal" de convivencia require, máis ben, dun labor relacional e transversal que emerxe e participa de múltiples ámbitos sociais solapados, e que pode e debe aspirar a incidir neles. Require, polo tanto, dunha orientación sobre as relacións humanas que sexa tanto interpersoal como intergrupal e colectivo-global. Por extensión, a súa pedagogía abarca, por unha banda, contidos e temas curriculares reveladores, con connotacións éticas, afectivas e/ou controvertidas, e por outra banda, procesos organizativos e didácticos colaborativos, colectivizantes e transformadores, que establezan pontes entre a necesaria reflexión teórica e a imprescindible posta en práctica.</p> <p>Nesta materia abordaremos o significado destas cuestións para pór en marcha unha pedagogía da paz realizada tanto desde a institución educativa como desde outros ámbitos de animación sociocultural, pero que se proxecte máis alá dos mesmos.</p>			

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos



A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
O alumnado:	A1		C8
Familiarizárase cos aspectos máis relevantes das diversas tradicións intelectuais dos Estudos para a Paz (investigación) e da Educación para a Paz (en contextos educativos tanto formais como non formais e informais).	A2		
Situará estas tradicións na evolución das múltiples expresións históricas da violencia e de paz no mundo, ata os nosos tempos.	A5 A11 A14	B1	C4
Comprenderá os principais marcos conceptuais e ideas reitoras da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía, á vez que entenderá que supoñen un corpo de coñecementos inacabados, mutábeis e continuamente negociados, non un paradigma pechado ou monolítico.	A2 A10	B6	C5
Apreciará e valorará a importancia social e profesional da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía, así como o seu marco normativo.	A1 A2 A3 A11 A14 A20	B1 B3	C4 C8



Desenvolverá actitudes á vez críticas e solidarias fronte á diversidade humana, e fomentará valores tanto universais como particulares relacionados con: empatía, solidariedade, respecto, dignidade humana, dereitos humanos, apoio mutuo, reciprocidade, colaboración, inclusión e participación igualitaria e democrática na vida pública, virtudes comunicativas?, organización pacífica e xusta da sociedade, e outros valores e aspectos que atinxen á cultura da paz, resolución de conflitos e cidadanía.	A2 A14	B1 B3 B4 B5 B6	C8
Entrará en contacto, e aprenderá a empregar as fontes bibliográficas, audiovisuais e informativas fundamentais no ámbito da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía.	A10 A15	B6	C3
Familiarizarase cos principais contidos e ámbitos da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía para poder desenvolverlas como futuro/a educador/a: paz positiva / paz sustentábel; o papel do conflito na convivencia; mediación en conflitos; resolución non-violenta de conflitos; produción e reprodución das diversas formas de violencia na sociedade e o fomento da non-violencia a través do desenvolvemento pedagóxico da cultura da paz; dereitos humanos; valores cívicos e democráticos; ética e responsabilidades e dereitos civís / sociais.	A1 A5 A6 A11 A16	B1	C4 C6 C8
Iniciarase nas estratexias pedagóxicas mais representativas e os principais recursos curriculares (didáctico-metodolóxicos, organizativos e dinamizadores) da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía: contidos inclusivos e interculturais; mediación en conflitos; resolución pacífica de conflitos; o método socioafectivo; a aprendizaxe cooperativa e colaborativa; os xogos cooperativos; etc.	A6 A8 A9 A11 A12 A13 A15	B1 B2 B6	C1 C2 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A produción e reprodución das múltiples formas de violencia na sociedade: necesidade da Educación para a Paz (EP) e do sentido cidadán	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A era postcolonial e o neocolonialismo.</li> <li>- Sobre os organizadores da orde mundial e a violencia nas súas múltiples manifestacións: a globalización neoliberal, o complexo militar-industrial-investigador, as guerras, o terrorismo, efectos secundarios da explotación globalizada.</li> <li>- Existe o chamado "choque de civilizacións"?</li> <li>- Discriminación, marxinación, opresión, pobreza e exclusión.</li> <li>- A privatización da esfera pública: efectos xerais, efectos na educación.</li> <li>- Dereitos humanos: luces e sombras.</li> <li>- Resistencias contra-hexemónicas.</li> </ul>
2. Educación para a paz en perspectiva histórico-normativa e transnacional	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os precursores.</li> <li>- A Escola Nova.</li> <li>- A UNESCO.</li> <li>- A Investigación para a Paz (Estudos para a Paz).</li> <li>- A non-violencia (Gandhi).</li> <li>- A Educación para a Paz en España: novos marcos e instrumentos legais.</li> </ul>



<p>3. Educar para a paz: contextos educativos, cuestións curriculares, e estratexias metodolóxicas, organizativas e dinamizadoras</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O concepto da paz positiva e sustentábel.</li> <li>- A visión creativa do conflito.</li> <li>- Compoñentes da EP (a non-violencia, agresividade vs. agresión, a desobediencia civil, etc.).</li> <li>- O modelo sociocrítico-conflitivo da paz, entre outros modelos.</li> <li>- O método socio-afectivo de ensino-aprendizaxe.</li> <li>- Vantaxes educativas dos procesos colaborativos, cooperativos e colectivizantes.</li> <li>- O papel dos xogos cooperativos na creación de grupo: tipos e características.</li> <li>- Exposición de distintas dinámicas de aprendizaxe e xogos cooperativos.</li> <li>- O papel da empatía, o respecto, a afectividade, o apoio mutuo e a solidariedade no fomento pedagóxico da paz.</li> <li>- A integración da EP no curriculum escolar: transversalidade e temas transversais.</li> <li>- Implicacións educativas.</li> </ul>
<p>4. Pedagogía da cidadanía e dos dereitos humanos nas sociedades cosmopolitas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos humanos e cidadanía democrática.</li> <li>- Concepto de dereitos humanos: a súa xénese histórica.</li> <li>- A situación dos dereitos humanos no mundo.</li> <li>- Conflito, convivencia e participación democrática e activa na sociedade.</li> <li>- Principais programas educativos en favor da convivencia e da cidadanía.</li> <li>- O significado da materia ?Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos? e da recente modificación da mesma.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Normativa pertinente.</li> </ul> </li> <li>- Principios didácticos e estratexias organizativas.</li> <li>- O papel das/dos educadoras/es sociais.</li> <li>- Recursos e materiais.</li> <li>- Posibilidades de intervención.</li> </ul>
<p>5. O papel do conflito na convivencia humana e a resolución non-violenta de conflitos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A situación da convivencia e a conflitividade nos centros: principais investigacións.- O conflito e a súa estrutura.</li> <li>- Formas de afrontar o conflito: resolución de conflitos.</li> <li>- Os procesos de intervención.</li> <li>- Negociación e mediación en conflitos.</li> <li>- Recursos e materiais</li> </ul>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual	4	5	9
Discusión dirixida	12	0	12
Estudo de casos	2.5	3	5.5
Lecturas	1	40	41
Presentación oral	1.5	12	13.5
Sesión maxistral	21	10	31
Traballos tutelados	4.5	18	22.5
Xogo de rol (role playing)	1.5	0	1.5
Aprendizaxe colaborativa	7	6	13
Atención personalizada	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Foro virtual	Publicación de informacións impresas e audiovisuais na plataforma Moodle, e participación do estudantado no mesmo mediante as súas recomendacións propias doutros recursos impresos e audiovisuais. Comunicación mediante o foro dixital da plataforma Moodle (envíos de emails e foro colectivo).
Discusión dirixida	Debates e posta en común, en pequeno, mediano ou grande grupo, dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre. Estes debates versarán sobre o contido das fontes seleccionadas como material de traballo obrigatorio. Con carácter xeral, ese material deberá ser preparado fóra do horario de clase.
Estudo de casos	Metodoloxía na que se analiza unha situación específica cun problema a ser entendida e valorada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión, e posteriormente (e hipoteticamente) intervida. Estes casos xurdirán nas clases interactivas ou nalgún dos libros seleccionados polos micro-grupos.
Lecturas	Lectura e análise dos documentos incluídos no Dossier de Lecturas, para traballar a materia. A maiores das breves lecturas do Dossier, cada micro-grupo de estudantes seleccionará un libro (de entre máis de 60 títulos), do que terá que ler polo menos 100 páxinas e preparar unha presentación oral do mesmo perante o grupo-clase.
Presentación oral	Exposición grupal do libro escollido polo mico-grupo. A presentación durará un máximo de 20 minutos e terá lugar nas clases interactivas durante o mes de Maio.
Sesión maxistral	Exposición oral, por parte da docente, e con apoio de recursos audiovisuais, de contidos relacionados co temario da materia.
Traballos tutelados	Realización individual, ou en parella, dun traballo escrito, seguindo as orientacións dadas en clase. Dito traballo consistirá no deseño dunha intervención pedagóxica baseada na análise e aplicación dos contidos abordados ao longo do cuadrimestre. Entrégase o día do exame final.
Xogo de rol (role playing)	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes.
Aprendizaxe colaborativa	Consistirá en dinámicas de grupos variadas, que se empregarán nos debates, na análise das fontes realizada en grupo, nos traballos tutelados e na presentación oral.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados	Para preparar as actividades á esquerda, o estudantado, se o estima necesario, pode solicitar atención personalizada en clase ou en horario de titorías.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Presentación oral	<p>Na presentación participarán todos os membros do grupo. Empregarase parte do tempo reservado para as clases interactivas para elaborar a presentación en grupo.</p> <p>Cada presentación durará un máximo de 20 minutos e todas terán lugar nas clases interactivas durante o mes de Maio.</p> <p>Valoraranse os aspectos a seguir:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>? Calidade da participación na preparación desta actividade.</li> <li>? Relevancia e organización dos contidos expostos.</li> <li>? Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes).</li> <li>? Nivel de comprensión dos contidos básicos.</li> <li>? Capacidade analítica e de síntese.</li> <li>? Claridade expositiva.</li> <li>? Creatividade expositiva.</li> </ul> <p>-----</p>	40



Traballos tutelados	<p>O traballo será en parella ou individual, e terá como prazo de entrega o día do exame final. Empregarase parte do tempo reservado para as clases interactivas para elaborar o traballo.</p> <p>Para avaliar o traballo escrito teranse en conta os aspectos a seguir:</p> <p>? Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva, e corrección gramatical (30%).</p> <p>? Contido: comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre, relacións entre eles (capacidade analítica e de síntese), creatividade e innovación nas propostas, calidade da participación na preparación desta actividade, e grao de fundamentación das fontes (referencias bibliográficas e bibliografía final) (70%).</p>	60
---------------------	---	----

### Observacións avaliación

Para superar a materia será necesario acadar, como mínimo, unha puntuación de 5 (de 10) e asistir a clase con regularidade. Para que as dúas actividades de avaliación entren no cómputo final, será necesario obter polo menos un 4 en cada unha delas (presentación oral e traballo). Quen non acadar os mínimos de puntuación nalguna destas dúas actividades de avaliación, pero que asiste a clase coa debida regularidade, terá que presentarse ao exame final dentro das oportunidades dispoñíbeis. Neste caso o exame lle valerá o 100% da cualificación. Así mesmo, no caso de acadar unha puntuación máis alta no exame que nas outras actividades xuntas, primará a puntuación do exame.

A presentación oral e os traballos tutelados non se poden recuperar despois da primeira oportunidade de avaliación porque son traballos elaborados a través da asistencia a clase.

Quen non asiste a clase coa debida regularidade terá que presentarse a un exame final, que lle valerá o 100% da cualificación final.

Excepcionalmente, a profesora poderá permitir que a/o estudante en cuestión participe dalgún modo nas outras actividades de avaliación. En tal caso, ponderará o valor do exame final en función do grao e da calidade de participación nas demais actividades da materia.

O exame consistirá nunha&nbsp;proba mixta na que se especificará o peso de cada pregunta. Nas preguntas de resposta breve teranse en conta a pertinencia e precisión da resposta, a claridade conceptual, e a corrección gramatical. Nas preguntas de desenvolvemento teranse en conta a pertinencia e organización do contido, o dominio conceptual, a conexión entre ideas, a claridade expositiva, e a corrección gramatical.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002  
Servizos sociais e benestar social/652G03014  
Animación e xestión sociocultural/652G03017  
Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Administración local e acción cultural e educativa/652G03040  
Educación e medios de comunicación social/652G03037  
Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo/652G03036

#### Materias que continúan o temario

Pedagogía social/652G03006  
Xénero, igualdade e educación/652G03007  
Educación multicultural/652G03013  
Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016

### Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías